

## EQUIPO DOCENTE

**CRISTINA DURÁN ARUFE** (Santa Comba, A Coruña) é licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Desenvolve a súa actividade artística realizando exposicións individuais como **Dúbidas** (Espacio 48; Santiago de Compostela) e **Lugarsinlugar** (Arte XXI; Madrid); e participando en varias exposicións colectivas como a **Home-naxe a Lucio Muñoz** (Palacio de Congresos; Madrid), **Novos Valores** (Deputación Provincial de Pontevedra), no “Certame de pintura Concello de Cambre”, no “IX Certame de artes plásticas Isaac Díaz Pardo” e na exposición “Encontros no pazo de Mariñán” (Fundación Luís Seoane; A Coruña).

A súa obra conseguiu varios premios, entre eles na “Bienal Internacional de arte Fundación Araganey” (Mención de Honra); no “Premio de pintura Comarca do Sar” de Padrón (Terceiro e Primeiro); no “Certame Isaac Díaz Pardo” da Deputación da Coruña (Adquisición) e no “XIII Certame de Arte Galería Burela” (Primeiro).

Desde setembro de 2007 é profesora de Debuxo no IES Perdouro de Burela. No curso 2011-2012 desenvolveu en colaboración con Estéfano Gudín unha actividade educativa en que se fusionaron a arte, a artesanía e a docencia.

**ESTÉFANO GUDÍN** (Arancedo-El Franco; 1958) comezou a realizar pezas de cerámica durante o ano 2000 e tivo como referencia os alfareiros de La Rambla, en Córdoba. Pouco tempo despois entrou en contacto con diversos artesáns asturianos. Seguindo as indicacións destes, realizou diversas réplicas de utensilios domésticos que observou nas pallozas de Piornedo (Os Ancares). Desta maneira, foi facendo potes, tarteiras, tixolas e cazos sempre con barro tratado con diferentes terras para conseguir óxidos naturais a imitación do ferro.

Desde o 1 de abril de 2004 exerce a actividade profesional no seu obradoiro aberto ao público na localidade de Cervó. Aínda que mantén as características tanto no uso dos materiais como no deseño, diversificou notablemente a produción e realiza tanto pezas de uso doméstico (xogos de café, xogos de queimada, botellas, tazas, xarróns) como obxectos decorativos (murais, placas, maquetas e esculturas). Mostras públicas da súa obra están en exposición permante no Concello de Viveiro e no Museo Provincial de Lugo.



Sala de Exposicións do CENIMA  
Delegación de Cultura-Concello de Foz  
982 133 159



Exposición de traballos escolares de alumnos/as de 3º  
e 4º de ESO do IES Perdouro de Burela

**CERÁMICA**  
**CON**  
**IDENTIDADE**

Do 5 de setembro ao  
29 de setembro de 2012

Durante o proceso de redacción e aplicación do proxecto de innovación educativa coñecido como **Modelo Burela**, o **Instituto Perdoiro** estableceu contacto directo con numerosos axentes sociais tanto da propia localidade como da comarca mariñá. No curso 2011-12, ese labor de interlocución centrouse nun sector específico: as entidades comerciais e empresariais. Foi así como entre o centro educativo e o artesán ceramista Estéfano Gudín surxiu unha colaboración que se plasmou nun convenio bilateral.

Unha das integrantes do cadro docente, a profesora **Cristina Durán Arufe**, foi a primeira que manifestou interese en aproveitar a potencialidade dese convenio para realizar un obradoiro artístico destinado a alumnos e alumnas de 3º e 4º de ESO. A súa pretensión era buscar unha nova actividade en que mozos e mozas puidesen experimentar coa materia prima, que tivesen oportunidade de aplicar os coñecementos teóricos adquiridos na materia de Educación Plástica e Visual.

A proposta tivo unha magnífica acollida tanto por parte da Vicedirección de actividades extraescolares como do artesán **Estéfano Gudín**. Así naceu unha actividade educativa inspirada no referente ético, estético e emprendedor de **Isaac Díaz Pardo**, a quen se lle tributaba modesta homenaxe poucas semanas máis tarde do seu falecemento.

Durante os tres períodos lectivos semanais do mes de marzo e abril, as mesas da sala de artes plásticas cubríronse con saquetiños de calolín e, seguindo as explicacións de Cristina Durán e Estéfano Gudín, alumnos e alumnas fóronlle dando forma ás figuras que naceran na súa imaxinación.

Os resultados daquelas iniciativas de comercio emprendedor e de escola transformadora, atenta á innovación da sociedade que a rodea, están agora reunidos nesta exposición que abrimos ao público no CENIMA, a quen agradecemos a acollida.

Confiamos en que os contidos sexan do seu agrado. Moitas grazas pola visita.



### AUTORÍA DOS TRABALLOS

ÁLVARO CREGO DEÁN  
CARLA BOLAÑOS BLANCO  
GABRIEL ORTIZ CIDE  
ESTELA FERNÁNDEZ CABANA  
ANDREA REGA VILLAREJO e  
SARAY GÓMEZ MESA  
ELENA GARCÍA PALEO e  
XIANA FERNÁNDEZ DÍAZ  
JESÚS DANIEL CAMPOS LÓPEZ  
JULIETA JOHANA DURÁN e  
GIANELLA A. CARBAJAL MANCHEGO  
GABRIEL BERMÚDEZ ÁLVAREZ  
CRISTINA CIGARRÁN DÍAZ  
JOSÉ CARLOS DÍAZ LORENZO  
CRISTINA FERNÁNDEZ BLANCO e  
ÁNGELA IÑIGO GONZÁLEZ  
ANDREA GÓMEZ PARDO  
ALEX LIÑÁN RABOST  
AITOR LÓPEZ ANELLO  
ANDREA LORENZO BAAMONDE  
VÍCTOR CABARCOS VAL  
KAREN FERNÁNDEZ BEDOYA  
NELIA CRISTINA GONÇALVES GOMES  
PAULA VIRGINIA MONTEIRO FERREIRA  
UXÍA DÍAZ FERNÁNDEZ  
TANIA DÍAZ VÁZQUEZ  
AZUCENA FONTERIZ OLDÁN  
CINTIA FERNÁNDEZ CASTRO e  
SARA PERNAS POLO